



SEMANA DE ORACIÓN POLAS VOCACIONS 2023 (13-19 MARZO)
ORACIÓN DOS FIEIS

DIA 13

PRECES

Desde o recoñecemento da nosa pequenez e do noso pecado, dirixímonos a Ti, Pai:

- 1.- Para que nos axudes a recoñecer que somos pecadores e nos conceda-la gracia da conversión constante. OREMOS.
- 2.- Para que nos fagas medrar a través do amor que perdoa e que acepta ós demais coas súas limitacións. OREMOS.
- 3.- Para que sexamos compasivos, como Ti Pai es compasivo, construímo-lo perdón fraterno, a tolerancia, a comprensión, a xustiza. OREMOS.
- 4.- Para que a túa Igrexa sexa sempre signo de reconciliación, sacramento do perdón e do amor, da compaixón, da xustiza, da paz. OREMOS.
- 5.- Para que no medio do noso pobo, parroquia xurdan xoves esperanzados e chamados por Deus para que co seu sacerdocio constrúan o perdón, a xustiza e a paz. OREMOS.

DIA 14

PRECES

Neste tempo de gracia e perdón que é a Coresma, pidámoslle ó Pai do Ceo, ó Señor do Amor:

1.- Polo Papa, os bispos, os sacerdotes, para que como guías do Pobo de Deus se vexan libres da tentación de non vivir aquilo que predican, a Boa Nova do Reino. OREMOS.

2.- Para que aqueles que teñen algún servicio de cara á comunidade non o fagan «para que os vexa a xente», senón con profundo espírito de entrega xenerosa e gratuíta. OREMOS.

3.- Para que os cristiáns non nos deixemos levar por outros «mestres ou guías», senón só por aquel que é o noso Mestre e Señor: Xesucristo. OREMOS

4.- Para que aqueles que teñen o poder na nosa sociedade non o utilicen en beneficio propio e para a súa compracencia, senón buscando sempre o ben común e fundamentalmente o dos máis desfavorecidos. OREMOS

5.- Para que Deus suscite no medio de nós vocacións sacerdotais e relixiosas que fagan presente o seu Reino de xustiza, amor e paz. OREMOS

DIA 15

PRECES

A ti, Señor, que es rico en misericordia, que non te cansas de darnos os teus dons, que nos prometes regueiros de gracia, pedimos con fe e confiados:

1.- Polo Papa, os bispos, os presbíteros, relixiosos e relixiosas para que a súa grandeza a centren sempre no servicio ós demais. OREMOS.

2.- Por aqueles que na Igrexa e na sociedade detentan algún poder, para que o exerzan sempre como un servicio. OREMOS.

3.- Por todos aqueles que sofren explotación, ou son tratados inxustamente, para que atopen o camiño da súa liberación. OREMOS.

4.- Por todo nós e por tódolos homes en xeral, para que sexamos capaces de superar as terribles tentacións de poder, violencia, inxustiza e calquera tipo de escravitude. OREMOS.

5.- Por todos aqueles que son chamados por Deus ó servicio dos irmáns no sacerdocio ou na vida consagrada, para que sexan fieis á chamada do Señor e descubran a felicidade do servicio. OREMOS.

DIA 16

PRECES

A Ti, Señor, que es xeneroso e rico en misericordia, sempre disposto a nós concedes-lo teu favor e a gracia do teu Espírito, suplicamos:

1.- Pola Igrexa, para que tódolos que formamos parte dela descubramo-lo valor e a necesidade de ser pobres. OREMOS.

2.- Para que fuxamos constantemente de enche-lo noso corazón e os nosos petos coas riquezas materiais e busquemos enchernos de Deus, e convertamo-lo noso corazón á lei do Reino que é o amor. OREMOS

3.- Para que practiquemo-la xustiza, a solidariedade, o servicio... e optemos tódolos días polos máis pobres. OREMOS.

4.- Polos tristes, oprimidos, marxinados, pobres, e tódolos que non atopan xustiza, solidariedade e amor nin nos poderes públicos nin en nós, para que sintan o amor e a compaixón do noso Pai Deus e nós nos acheguemos a eles e aliviemo-las súas penas. OREMOS.

5.- Polo aumento de vocacións sacerdotais e relixiosas, para que os chamados se poñan nas mans de Deus e se convertan en instrumentos do seu Reino de amor, de xustiza e de paz. OREMOS.

DIA 17

PRECES

A Ti, Señor, amigo do home, que quere-lo noso ben e a nosa felicidade, que queres que vivamos para sempre, dirixímo-la nosa oración:

1.- Polo pobo cristián, os sacerdotes e os bispos, para que sexamos sempre fieis á escoita da palabra, dóciles á súa vontade e deamos froitos de Reino. OREMOS.

2.- Polos gobernantes das nacións para que respeten o crecemento dos pobos e da xente. Que non se sintan posuidores da parcela a eles adicada, senón meros servidores que potencien a verdade, a xustiza e a paz. OREMOS.

3.- Para que o Señor nos libre da seducción do poder, da tiranía dos cartos, da escravitude da carne, do salvaxismo da violencia, da envexa, dos encantos da comodidade. OREMOS.

4.- Para que o Señor, que ó longo da historia nos revelou o seu amor, nos faga descubri-la súa presenza nos signos dos tempos, e nos leve a traballar pola xustiza e a construción dun mundo en paz. OREMOS.

5.- Para que o Señor envíe traballadores á súa viña, que desde o sacerdocio e a vida relixiosa vivan entregados ó servizo da Igrexa e dos homes, e saiban responder con fidelidade. OREMOS.

DIA 18

PRECES

Presentemolas nosas peticións a Deus, Pai do Noso Señor Xesucristo, e imploremo-la intercesión de S. Xosé:

1.- Axuda e protexe, señor, á túa Igrexa: libéraa do pecado, da persecución, da división; que medre como a familia de Deus, servidora da humanidade. OREMOS.

2.- Axuda e protexe, Señor, ós máis pobres e indefensos: que todos recoñezamos a súa dignidade e defendámo-los seus dereitos. OREMOS.

3.- Axuda e protexe, Señor, ás nosas comunidades, ás nosas familias: que conserven a unidade, que medren en gracia e no desenvolvemento persoal de cada un dos seus membros. OREMOS.

4.- Axuda e protexese, Señor, ós pais e educadores: que poidan cumprir responsablemente a súa misión e non se desanimen nas dificultades. OREMOS.

5.- Axuda e protexe, Señor, ós sacerdotes e seminaristas: que se entusiasmen coa súa vocación e poidan facer presente a Xesucristo. OREMOS.

6.- Axuda e protexe, Señor, a tódolos xoves: para que saiban escoita-la chamada vocacional e sexan xenerosos en segui-la. OREMOS.

DIA 19

PRECES

Oremos ao Señor, noso Deus, que nos sacou das tebras e nos chamou ao reino da súa luz.

1. Por todos aqueles que na Igrexa recibiron a misión de anunciar a Palabra de Deus, e teñen o carisma de iluminar co ensino da fe. Oremos ao Señor.

2. Para aqueles catecúmenos que se preparan especialmente durante a Coresma para recibir o bautismo na noite de Pascua. Oremos ao Señor.

3. Por tantos cegos que afirman ver e aferrarse á súa cegueira. Oremos ao Señor.

4. Por nós, chamados a dar testemuño da luz de Cristo. Oremos ao Señor.

5. Polos nenos e mozos da nosa diocese, para que, atentos á túa voz, poidan escoitar a túa chamada e abrirense ao don dunha vida ao servizo da Igrexa. Oremos ao Señor.

6. Polo aumento das vocacións ao sacerdocio. Esperta na túa Igrexa pastores segundo o teu corazón que traian a todos o alimento e a Palabra de vida. Oremos ao Señor.

7. Para que nas nosas comunidades aumente a conciencia de pedir sempre insistentemente ao propietario da colleita que envíe traballadores á súa colleita. Concienciarnos da urxencia vocacional no noso país, para que nunca falten sacerdotes para facer a Deus presente na nosa terra. Oremos ao Señor.

8. Polo noso seminario diocesano, polos seus formadores, polos seminaristas e por todos os que colaboran na súa formación. Oremos ao Señor.
